

Ordena os seguintes parágrafos para formar un texto.

Corta e pega cada parágrafo e ponos ordenados no teu caderno.

O aire e a auga están contaminándose e os bosques están desaparecendo por mor dos incendios e da explotación excesiva que se fai da madeira dos montes.

Cada día o número de animais dos montes e ríos tamén se ve afectado, hai un exceso de caza e pesca.

Todo o que nos rodea podemos chamarlle medio ambiente; É todo aquilo relativo ou que pertence ao conxunto de factores externos que condicionan a bioloxía dos seres.

A conservación dos seres vivos, do solo, do aire, da auga, dos obxectos fabricados polas mulleres e homes, o clima a xeoloxía, as tradicións, son imprescindibles para unha vida sostible.

Non abuses nin fagas mal uso dos recursos que se obteñen do medio ambiente; Somos en certa medida, culpables de que isto ocorra. Ollo, pon da túa parte o que poidas!

O planeta precisa axuda!